




CIRCULAR

ENTROIDO

Ola a todos e todas! Como xa sabedes, acércase a celebración do Entroido, que terá lugar ao longo da vindeira semana e culminará o venres 17 cun gran desfile de disfraces.

De luns a venres poñeremos en marcha coma todos os anos os mandados do meco, que este ano, ao coincidir o San Valentín na mesma semana, van ser un mandados moi amorosos:



O venres disfrazaremosnos para celebrar o 50 aniversario do colexio, representado os anos 70, a época na que naceu o noso CPI de Atios; se vai bo tempo sairemos desfilando sobre as 11:00 da mañá da escola e baixaremos andando por diante da escola e por diante da Casa da Cultura ata chegar á Porta do Sol, dende alí volveremos para facer unha parada na Casa da Cultura onde poder cantar as cancións das nosas comparsas. Se chove, en vez de desfilarmos pola rúa quedaremos na escola e o desfile farase no ximnasio. Por suposto, estades convidados/as a ver o desfile, sexa dentro ou no exterior.

Coma xa é tradición tamén, pedimosvos que colaboredes con nós na celebración do antroido enviando ese mesmo venres pola mañá **postres de Entroido** á escola (orellas, fereixós, roscas, ...) que xuntaremos con outros postres que servirán o comedor e o Ampa no patio da escola una vez rematado o desfile; **AGRADECEMOS** á ANPA a colaboración no reparto de postres de antroido para toda a comunidade educativa.